

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------|--------------|---------------|
| 27016352 | IES do Camiño | Palas de Rei | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Oratoria | 3º ESO | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 14 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 16 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 17 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 17 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 18 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 18 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 19 |
| 7.2. Actividades complementarias | 20 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 22 |
| 9. Outros apartados | 23 |

1. Introducción

Nas interaccións sociais de cada día, debemos escoitar, falar, participar, debater, decidir, comprender, defender e, en última instancia, convencer a alguén de algo. Polo tanto, ser un comunicador ou comunicadora competente pode marcar unha diferenza substancial tanto nas relacións persoais como no éxito da carreira académica e profesional. Trátase dunha habilidade social básica e de presenza central, constante e manifesta na nosa vida cotiá.

Por outra banda, falar en público é hoxe unha actividade que adopta formas e usa canles moi variadas: as redes sociais, as reunións de traballo, a actividade académica, os medios de comunicación, as xuntanzas políticas, os discursos comerciais, os colectivos culturais, as congregacións informais, etc. Tal diversidade e amplitude de situacións fan que as tradicionais disciplinas da oratoria e a súa inseparable retórica acaden no noso tempo unha proxección práctica particularmente tanxible.

No contexto normativo actual, a materia de Oratoria está chamada a ocupar nos últimos cursos da ESO un posto central no progreso curricular do alumnado. As oito competencias que definen a aprendizaxe permanente e os obxectivos curriculares asociados no seu caso adquiren aquí unha presenza concreta, explícita e concluínte, debido á natureza transversal da propia actividade oratoria.

Así, a materia de Oratoria preséntase en 3º de ESO como un soporte amplo e sólido para o desenvolvemento integral do alumnado nun momento moi preciso da súa formación. Expoñer ideas e debater opinións son trazos de madurez individual que poderán ser desenvolvidos nos seguintes niveis educativos e que se proxectarán nunha vida colectiva tamén máis rica e ampla, como se espera dunha sociedade democraticamente avanzada.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Palas de Rei. Trátase dun centro situado na provincia de Lugo nun contexto rural. O municipio contaba no ano 2022 con máis de 3300 habitantes e está conformado por 43 parroquias. O núcleo principal do municipio está atravesado pola carretera N-547, que o comunica directamente ao oeste con Santiago de Compostela e as veciñas localidades de Melide e Arzúa. En dirección este únese coa N-540 que o comunica con Lugo e Ourense. Dende o ano 2015 inaugurouse un tramo de autovía denominada A-54 entre o municipio e a capital lucense. A base da economía palense, aséntase, nun sólido sector primario caracterizado por pequenas e medianas explotacións agrarias. Nembargantes, unha serie de condicionantes como: a creación dun Polígono Empresarial en Palas de Rei; o auxe empresarial de certas empresas locais que xa comercializan a escala internacional; o aumento de camiñantes que percorren polo municipio desenvolvendo algún dos dous treitos de peregrinaxe a Santiago de Compostela e o patrimonio histórico, cultural, artístico, paisaxístico que de por si oferta Palas de Rei ao visitante; redundan en que actualmente a economía palense se vexa inmersa nunha profunda terciarización.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais. | 1-5 | 1-3 | 4 | 3 | 1 | 2 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|-------|---------|-----------|-------|---------|-----|---------|
| OBX2 - Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate. | 2-4 | | | | | | | 1-2 |
| OBX3 - Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais. | 1-2 | 1 | 1-2 | | | 1 | 3 | 1-2-3-4 |
| OBX4 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia. | 2-3 | | | 1 | 4 | 1-3-4 | | |
| OBX5 - Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa. | 1-5 | 1-2-3 | 3-4 | | 1-3 | 2 | 1 | 3 |
| OBX6 - Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo. | 1 | 1-3 | | | 1-4-5 | 1-3 | 2-3 | 3-4 |
| OBX7 - Empregar distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo. | 3 | | | 1-2-3-4-5 | 4 | | | 4 |
| OBX8 - Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia. | 5 | 3 | 2-3-4-5 | 4-5 | 2 | 1-2-3-4 | 1-3 | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | A arte da retórica | Esta unidade ten un carácter transversal. Trátase de que o alumnado coñeza as bases da retórica e, a través de exemplos significativos, se familiarice cos tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión. | 20 | 21 | X | X | X |
| 2 | Contacontos e outros eventos | Con esta unidade buscamos o protagonismo das alumnas e dos alumnos | 25 | 28 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 2 | Contacontos e outros eventos | para levar a cabo unha experiencia transformadora nas aulas. Ademais de desenvolver as habilidades comunicativas participaremos nun proxecto interdisciplinar que se levará a cabo en colaboración co colexio. O proxecto consiste en desenvolver unha actividade de contacontos na etapa de infantil. Ademais aproveitaremos a vista ó centro de escritores recoñecidos ou outros eventos para que o alumnado elabore as presentacións dos mesmos. Traballaremos especialmente a inventio, a dispositio, elocutio, memoria e actio. | 25 | 28 | X | | |
| 3 | A biblioteca onde todas e todos contamos | Cada grupo deberá elaborar e presentar unha campaña publicitaria en relación coa biblioteca e / ou o club de lectura asociado á mesma. Elaboraranse carteis, vídeos promocionais e /ou audios explicativo para dar a coñecer este espazo na contorna. Deste xeito, traballaremos tamén elementos transversais do currículo para ser un axente de cambio positivo que promova a inclusión e desenvolva a capacidade de liderado do noso alumnado. Traballaremos en equipo e familiarizémonos co discurso persuasivo. Haberá que investigar as problemáticas existentes, sintetizalas, expoñer os retos, dialogar, falar en público, convencer e, sobre todo, escoitar. Haberá un debate final para escoller entre todo o grupo a mellor proposta. | 25 | 28 | | X | |
| 4 | ¡Puro teatro! | Esta última unidade consistirá en desenvolver un proxecto en relación coa dramatización dunha obra teatral previamente acordada e analizada na aula. O texto será representado na aula, pero tamén, se fose posible, se representará no centro educativo, diante do resto do alumnado. | 30 | 28 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 1 | A arte da retórica | 21 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
| | | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria. | Deberase coñecer como xurdiu a Oratoria para dotar as persoas dunha ferramenta eficaz para desenvolver as súas capacidades e confrontar ideas de xeito construtivo. | TI | 100 |
| CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico. | O alumnado deberá coñecer as principais técnicas persuasivas que relacionan a Oratoria con outras disciplinas, como son a Retórica e a Dialéctica. | | |
| CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión. | O alumnado deberá coñecer as partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio. | | |
| CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos. | Nos textos dos medios de comunicación e do ámbito académico, o alumnado identificará a intención persuasiva, recoñecerá a tese e diferenciará, como mínimo, os argumentos obxectivos dos emocionais. | | |
| CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | O alumnado será capaz de valorar a concisión, a claridade e o impacto das mensaxes persuasivas. | | |
| CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias. | Como mínimo, o alumno ou a alumna será quen de aportar un argumento pertinente de apoio e outro de refutación ante unha tese dada. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio. - A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas. - A argumentación como factor clave: tipos de argumentos. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|------------------------------|-----------------|
| 2 | Contacontos e outros eventos | 28 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais. | O alumnado diferenciará as fontes primarias das secundarias e manexará con pericia as fontes orais, escritas, audiovisuais, gráficas e, nomeadamente, Internet. | TI | 100 |
| CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para aprofundar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación. | O alumnado aplicará correctamente os criterios de selección das fontes documentais. | | |
| CA2.3 - Diferenciar información e opinión. | O alumnado deber ser capaz de distinguir os contidos lóxicos dos emocionais (anécdotas, imaxes...). | | |
| CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información. | Como mínimo, o alumnado deberá escoller adecuadamente os contidos lóxicos pertinentes (datos, citas...). | | |
| CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información. | O alumnado diferenciará entre informacións e opinións, ao tempo que será respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual. | | |
| CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo. | O alumnado deberá adaptar o seu discurso ao receptor, á canle, á temática e ao contexto. | | |
| CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz. | No discurso, diferenciaranse con claridade a introdución, o desenvolvemento e a conclusión. | | |
| CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación. | As alumnas e os alumnos utilizarán premisas, teses e siloxismos para defender que cambios precisa o proceso de ensino-aprendizaxe. | | |
| CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva. | O alumnado elaborará un discurso claro, breve e eficaz no que faga uso dos procedementos retóricos propios deste tipo de textos. Os erros lingüísticos non poderán comprometer a comprensión da mensaxe. | | |
| CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto. | Como mínimo, o alumnado utilizará con soltura os correctores lingüísticos e os dicionarios para revisar os textos. | | |
| CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso. | As alumnas e os alumnos deberán, como mínimo, facer uso do guión como elemento de apoio (non protagonista). | | |
| CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade. | O alumnado será quen de interiorizar un discurso de dous minutos sobre a súa proposta para un desenvolvemento sostible adaptándose ao tempo de exposición. | | |
| CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo. | O alumnado expresarase con naturalidade, empatía e asertividade. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas. | O alumnado transmitirá confianza e controlará, na medida do posible, o nerviosismo cando fale en público. | | |
| CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade. | Os alumnos e as alumnas deberán pronunciar correctamente, cun volume audible, a un ritmo pausado, manexando as pausas e os silencios. | | |
| CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso. | Como mínimo, o alumnado coidará a expresión facial e evitará os tics. | | |
| CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso. | O alumnado utilizará ferramentas diversas para crear unha presentación que apoie a súa proposta.. | | |
| CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística. | O alumnado practicará mediante o debate a escoita activa: entender, refutar e persuadir, respectando sempre as normas de interacción e a cortesía lingüística. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. - Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias. - Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. - Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade. - Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia. - Procedementos retóricos. Características estilísticas. - Coherencia e cohesión. - Corrección lingüística. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos. - Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio. - Interiorización do discurso. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. - Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics. - Proxémica: espazo escénico. - Naturalidade fronte a artificiosidade. - Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso. - O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--|-----------------|
| 3 | A biblioteca onde todas e todos contamos | 28 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais. | O alumnado diferenciará as fontes primarias das secundarias e manexará con pericia as fontes orais, escritas, audiovisuais, gráficas e, nomeadamente, Internet. | TI | 100 |
| CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación. | O alumnado aplicará correctamente os criterios de selección das fontes documentais. | | |
| CA2.3 - Diferenciar información e opinión. | O alumnado deber ser capaz de distinguir os contidos lóxicos dos emocionais (anécdotas, imaxes...). | | |
| CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información. | Como mínimo, o alumnado deberá escoller adecuadamente os contidos lóxicos pertinentes (datos, citas...). | | |
| CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información. | O alumnado diferenciará entre informacións e opinións, ao tempo que será respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo. | Os alumnos e as alumnas deberán adaptar o seu discurso ao receptor, á canle, á temática e ao contexto. | | |
| CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz. | No discurso, diferenciaranse con claridade a introdución, o corpo argumentativo e a conclusión. Os argumentos deberán organizarse atendendo a unha orde lóxica. importante | | |
| CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación. | As alumnas e os alumnos utilizarán argumentos de autoridade, ad populum, analogías, exemplificacións e datos obxectivos que avalen as súas opinións. importante | | |
| CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva. | O alumnado elaborará un discurso claro, breve e eficaz no que faga uso dos procedementos retóricos propios deste tipo de textos. Os erros lingüísticos non poderán comprometer a comprensión da mensaxe. importante | | |
| CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto. | Como mínimo, o alumnado utilizará con soltura os correctores lingüísticos e os dicionarios para revisar os textos. | | |
| CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso. | As alumnas e os alumnos deberán, como mínimo, facer uso do guión e das TIC como elemento de apoio (non protagonista). | | |
| CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade. | O alumnado será quen de interiorizar un discurso de dous minutos sobre a súa proposta para un desenvolvemento sostible adaptándose ao tempo de exposición. | | |
| CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo. | O alumnado expresarase con naturalidade, empatía e asertividade. | | |
| CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas. | Os alumnos e as alumnas deberán pronunciar correctamente, cun volume audible, a un ritmo pausado, manexando as pausas e os silencios. | | |
| CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade. | Os alumnos e as alumnas deberán pronunciar correctamente, cun volume audible, a un ritmo pausado, manexando as pausas e os silencios. | | |
| CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso. | Como mínimo, o alumnado coidará a expresión facial e evitará os tics. | | |
| CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso. | O alumnado utilizará ferramentas informáticas diversas para crear unha presentación que apoie a súa proposta. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística. | O alumnado practicará mediante o debate a escoita activa: entender, refutar e persuadir, respectando sempre as normas de interacción e a cortesía lingüística. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. - Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias. - Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. - Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade. - Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia. - Procedementos retóricos. Características estilísticas. - Coherencia e cohesión. - Corrección lingüística. - Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos. - Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio. - Interiorización do discurso. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. - Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Proxémica: espazo escénico. - Naturalidade fronte a artificiosidade. - Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso. - O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------|----------|
| 4 | iPuro teatro! | 28 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais. | O alumnado diferenciará as fontes primarias das secundarias e manexará con pericia as fontes orais, escritas, audiovisuais, gráficas e, nomeadamente, Internet. importante | TI | 100 |
| CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación. | O alumnado aplicará correctamente os criterios de selección das fontes documentais. | | |
| CA2.3 - Diferenciar información e opinión. | O alumnado deber ser capaz de distinguir os contidos lóxicos dos emocionais (anécdotas, imaxes...). | | |
| CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información. | Como mínimo, o alumnado deberá escoller adecuadamente os contidos lóxicos pertinentes (datos, citas...). | | |
| CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información. | O alumnado diferenciará entre informacións e opinións, ao tempo que será respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual. | | |
| CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo. | O alumnado deberá adaptar o seu discurso ao receptor, á canle, á temática e ao contexto. | | |
| CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz. | No discurso, diferenciaranse con claridade a introdución, o desenvolvemento e a conclusión. | | |
| CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación. | As alumnas e os alumnos utilizarán premisas, teses e siloxismos para defender que cambios precisa o proceso de ensino-aprendizaxe. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva. | O alumnado elaborará un discurso claro, breve e eficaz no que faga uso dos procedementos retóricos propios deste tipo de textos. Os erros lingüísticos non poderán comprometer a comprensión da mensaxe. | | |
| CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto. | Como mínimo, o alumnado utilizará con soltura os correctores lingüísticos e os dicionarios para revisar os textos. | | |
| CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso. | As alumnas e os alumnos deberán, como mínimo, facer uso do guión e das TIC como elemento de apoio (non protagonista). | | |
| CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade. | O alumnado será quen de interiorizar un discurso de dous minutos sobre a súa proposta para un desenvolvemento sostible adaptándose ao tempo de exposición. | | |
| CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo. | O alumnado expresarase con naturalidade, empatía e asertividade. | | |
| CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas. | O alumnado transmitirá confianza e controlará, na medida do posible, o nerviosismo cando fale en público. | | |
| CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade. | Os alumnos e as alumnas deberán pronunciar correctamente, cun volume audible, a un ritmo pausado, manexando as pausas e os silencios. | | |
| CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso. | Como mínimo, o alumnado coidará a expresión facial e evitará os tics. | | |
| CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso. | O alumnado utilizará ferramentas informáticas diversas para crear unha presentación que apoie a súa proposta . | | |
| CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística. | O alumnado practicará mediante o debate a escoita activa: entender, refutar e persuadir, respectando sempre as normas de interacción e a cortesía lingüística. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. |

Contidos

- Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias.
- Adecuación do discurso ao contexto.
- Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.
- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.
- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.
- Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.
- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.
- Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.
- Procedementos retóricos. Características estilísticas.
- Coherencia e cohesión.
- Corrección lingüística.
- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.
- Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio.
- Interiorización do discurso.
- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.
- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).
- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).
- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.
- Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.
- Proxémica: espazo escénico.
- Naturalidade fronte a artificiosidade.
- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.
- O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Oratoria debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos e das estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta

aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmo. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: dinámicas de reforzo educativo, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (expresión oral e escrita, comunicación, resolución de problemas, razoamento lóxico...).

Para que esta metodoloxía acadese a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Oratoria con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos distintos departamentos dos centros e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación propia. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna do alumnado. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

4) Creación de textos escritos pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

5) Creación de textos con intención persuasiva a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (reportaxes, crónicas, columnas, artigos de opinión...).

6) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas.

7) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

8) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Documentos e recursos elaborados ou facilitados pola profesora. |
| Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes. |
| Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes. |
| Recursos e aplicacións informáticas e multimedia. |
| Materiais de investigación e consulta. |
| Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación. |
| Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións. |

A selección dos materiais que integran a programación didáctica da materia de Oratoria debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Oratoria supón o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise crítica. O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diferente tipoloxía, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

En definitiva, os contidos da materia integraranse na aula a través de catro unidades didácticas que favorecerán a transversalidade e interdisciplinabilidade por medio da planificación, análise e emprego de estratexias baseadas na resolución de problemas tales como os principios de dedución e indución ou a comprobación da viabilidade da solución proposta á situación descrita. Será necesario tamén o desenvolvemento de actitudes como o rigor, a perseverancia, a cooperación e a responsabilidade entre os distintos membros dos grupos de traballo para provocar o rexeitamento de estereotipos, xerar debate, construír un pensamento crítico sólido, definido e individual e motivar os cambios necesarios para o promover o avance social.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A efectos de proceder á avaliación inicial das competencias do alumnado na materia, na primeira semana do curso realizarase unha actividade oral (exposición de tres minutos sobre un tema escollido polo alumno ou alumna entre os propostos pola docente), que será valorada segundo táboa de indicadores.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | Total |
|-----------------------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 20 | 25 | 25 | 30 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

Só se usan táboas de indicadores, a efectos de rexistrar a actividade práctica propia da Oratoria, que será dominante ao longo de todo do curso.

Observación sistemática a través de rúbricas. Aténdese ós seguintes aspectos:

- Interese, dedicación, motivación, atención e participación do alumnado: actitude emprendedora, resolutive, áxil, innovadora, sostible e creativa.
- Traballo colaborativo, en equipo con empatía, liderazgo, asertividade e respecto.
- Disposición do material necesario para o aproveitamento da clase e uso responsable do mesmo (libros, cadernos, equipos informáticos, material audiovisual, cinematográfico e funxible, etc.)...
- Realización e presentación de tarefas e actividades no tempo sinalado: resolución de exercicios e tarefas ou breves traballos planteados tanto presenciais como a través del aula virtual.

Análise das producións orais a través de rúbricas e que atenden os seguintes aspectos:

- A comunicación non verbal: a mirada, os xestos, o control do espazo e movemento.
- Os elementos paralingüísticos: o ton, o volume e os silencios.
- A preparación previa: organización do contido e presentación, uso de TIC, guións, etc.
- As normas de interacción e cortesía lingüística: escoita activa e respecto hacia ás/ós compañeiras/os e seriedade na realización da tarefa. Tamén se valora neste punto: o esforzo, a orixinalidade e naturalidade.
- O control do tempo.

Criterios de cualificación:

Observación sistemática 10%

Análise das producións 90%

OBSERVACIÓNS: en cada un dos puntos anteriores deberá obterse cando menos un 25% do seu valor para que a cualificación sexa positiva.

As táboas de indicadores elabóranse tendo en conta os seguintes ítems:

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- 2.- A media entre as tres avaliacións é igual ou superior a 5.

A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere axeitadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento da actividade oral, terá que realizar unha proba final oral en xuño que versará sobre as partes suspensas. A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba final que versará sobre diferentes aspectos da disciplina ou relativas ás actividades traballadas durante o presente curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A materia pendente queda recuperada no seguinte suposto:

- Avaliación positiva en dous dos proxectos e/ou actividades prácticas sobre o currículo da materia das propostas neste curso. A cualificación, en tal caso, será 5.

En caso de non recuperarse a materia pendente pola vía indicada, ou en caso de querer aspirar a unha nota maior de 5, deberá superarse unha proba final oral nas datas establecidas sobre todo o currículo da materia. A nota final será a desta proba. A data desta proba será fixada segundo o calendario escolar.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a educación secundaria obrigatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todo o alumnado, sexa cal sexa a súa condición persoal, pode aprender que a súa contorna educativa ofrece condicións necesarias de acceso e outorga experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.

- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.

- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo debe basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas de comprensión e produción oral nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e

analizar criticamente os problemas sociais.

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os/as estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade nas súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos de reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|--|------|------|------|------|
| ET.1 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. | | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|------|------|------|------|
| ET.2 - Fomento do espírito crítico e científico. | | | X | X |
| ET.3 - A competencia dixital. | | | X | X |
| ET.4 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais. | X | X | X | X |
| ET.5 - Liberdade de expresión. | X | X | X | X |

Observacións:

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar e traballar en equipo; ser creativas e emprendedoras; e comprometidas coa salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaránse en todas as materias. A materia de Oratoria debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co aproveitamento dos recursos educativos e do patrimonio cultural e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------------------------------|--|----------|----------|----------|
| Representación teatral | A dramatización é un dos mellores medios para introducir o alumnado no mundo da literatura e da oralidade. Esta actividade consiste en converter un texto literario de carácter narrativo nun texto con estrutura dramática, conferindo trazos teatrais aos elementos que conforman o texto narrativo. O alumnado deberá crear unha historia coa súa trama, personaxes, tempo e espazo para logo transformala nun texto dramático baseado no diálogo, que deberá ser representado na aula. | | | |
| Elaboración e gravación dun poema | Familiarizarémonos co proxecto "Amar la poesía" da RAE. A actividade consistirá en que, unha vez seleccionado e traballado o poema, se grave en audio e se expoña aos oíntes. | | | |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Un contacontos | O alumnado acudirá o centro escolar que se sitúa na contorna para contar un conto ó alumnado de infantil. | | | |
| Creación dun cartel e unha campaña publicitaria. | O obxectivo é persuadir ó resto da clase de que a súa proposta é a mellor para levala a cabo no centro en relación coa promoción da biblioteca escolar. | | | |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación. |
| Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto. |
| Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe. |
| Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes. |
| As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave. |
| A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas. |
| Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...). |
| Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción... |
| Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación. |
| Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos e alumnas que así o requiren. |
| Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados. |
| Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos. |
| Realízanse as actividades complementarias programadas. |
| Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas. |
| Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados. |
| Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector. |
| Desenvolvéronse actividades e estratexias potenciadoras da oralidade, co fin de que o alumnado adquirise os recursos necesarios para expresarse correctamente e con eficacia nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). |
| Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica. |

Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probas, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)

Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Oratoria estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través das aplicacións PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvolvidas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final do desenvolvemento de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados

1. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 23-24. Oratoria. 3º ESO

A presente programación didáctica toma como referencia a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación; así como as disposicións legais que ordenan os currículos da ESO e Bacharelato: Decreto 156/2022 e Decreto 157/2022, de 15 de setembro. Elabórase tendo en conta as instrucións para o curso académico 2023/2024 que figuran na Orde do 3 de maio de 2023 pola que se establece o calendario escolar do presente curso, pero tamén ten en conta a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación e a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade.